

ACTA DO XURADO
CONCURSO DE DECORACIÓN DO NADAL 2025
“ONDE A LUZ MEDRA: TEO BRILLA”

En Teo, a 5 de xaneiro de 2026, procédese á redacción da presente Acta do Xurado do Concurso de Decoración do Nadal 2025 “Onde a Luz Medra: Teo Brilla”, convocado polo Concello de Teo mediante Decreto de Alcaldía 2025/G003/001565, de data 25 de novembro de 2025, conforme ás bases publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

1. Composición do xurado

De acordo coa base oitava das bases reguladoras, o xurado estivo composto polas seguintes persoas:

Membros titulares (con voz e voto):

Presidenta: Beatriz Barril Romero, representante da Asociación Cultural de Artesanía de Teo ARTENEO, interiorista e escapatista, fundadora do proxecto Spacio B.

Vogal 1: Sabela Liñeira Mosqueira, decoradora e interiorista, fundadora de Decorazul.

Vogal 2: Cristina Iglesias Rodríguez, decoradora e interiorista, fundadora do proxecto Espacios (c)alma.

2. Procedemento de valoración

De conformidade co establecido nas bases do concurso, o xurado realizou un percorrido polos establecementos participantes, visitando as decoracións instaladas nos seus elementos exteriores e visibles desde a vía pública dentro do período establecido.

Unha vez finalizado o percorrido, cada membro titular do xurado efectuou de maneira individual a súa valoración, conforme aos criterios recollidos na base novena das bases reguladoras, remitindo posteriormente as puntuacións outorgadas, que foron recompiladas polo Concello de Teo para a súa agregación e cálculo da puntuación media final.

3. Criterios de valoración aplicados

As valoracións efectuáronse cun máximo de 100 puntos, atendendo aos seguintes bloques:

Deseño e composición estética

Creatividade e orixinalidade

Iluminación e visibilidade

Uso de materiais reciclados ou sostibles

Identidade local e elementos propios das parroquias

Compoñente educativa, comunitaria ou de sensibilización

A puntuación final de cada participante resulta da media aritmética das puntuacións emitidas polos tres membros titulares do xurado.

4. Resultados da avaliación

Das valoracións recibidas obtéñense as seguintes puntuacións finais:

Nº	NOME DO ESTABLECEMENTO	AVALIACIÓN DO XURADO
1	A Despensa de Luou	45,67
2	Agro da Gandarela	50,00
3	Alecrym Diseño Floral, S.L.	60,00
4	Anuska Peluqueros	43,00
5	Librería d'Ana	50,33
6	O Forno de Auri	56,33
7	Óptica Rilo	53,67
8	Panadería Ferma, S.C.	66,00
9	Peluquería Yolanda Tejo	60,33
10	Restaurante Canaletto	57,33

5. Proposta de concesión de premios

De conformidade coa base décima das bases reguladoras, o xurado propón para a categoría individual:

1º PREMIO (800,00 €): PANADERÍA FERMA, S.C.

2º PREMIO (400,00 €): PELUQUERÍA YOLANDA TEJO

E non habendo máis asuntos que tratar, esténdese a presente acta para os efectos oportunos.

Asdo.: A Presidenta do Xurado

Asdo.: Vogal do Xurado

Asdo.: Vogal do Xurado